

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia para a realización de charlas de concienciación do programa "Navega con rumbo"

En Santiago de Compostela, a 23 de xullo de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, Don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante Consellería).

Da outra, Don **FERNANDO SUÁREZ LORENZO**, con NIF 32.654.057-Z, presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (en diante, o Colexio), en nome e representación desta entidade, con sede na rúa Fernando III O Santo, nº 13, 1º A, 15701 Santiago de Compostela (A Coruña), en virtude das atribucións que lle confiren os estatutos do Colexio, aprobados polo Decreto 100/2016, do 7 de xullo, da Xunta de Galicia (DOG do 9 de agosto), así como pola Lei 10/2006, do 1 de decembro, do Parlamento de Galicia, de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.



As dúas partes teñen plena capacidade legal para levar adiante este convenio de colaboración e

EXPOÑEN

1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

2. Que a Consellería ten encomendadas competencias para contribuír ao desenvolvemento da sociedade da información nos centros educativos públicos. Así mesmo, é responsable da política de fomento e coordinación para a creación de programas destinados a facilitarlles aos centros docentes públicos os recursos necesarios para o desenvolvemento adecuado de contornas virtuais de dentro dunha estratexia de educación dixital, con accións de formación e difusión cara á comunidade educativa.

3. Que a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, insiste, no seu preámbulo, na necesidade de ter en conta o cambio dixital que se está producindo nas nosas sociedades e que forzosamente afecta á actividade educativa. O desenvolvemento da competencia dixital non supón soamente o dominio dos diferentes dispositivos e aplicacións. O mundo dixital é un novo hábitat no que a infancia e a mocidade viven cada vez máis: nel aprenden, relaciónanse, consumen, gozan do seu tempo libre. Co obxectivo de que o sistema educativo adopte o lugar que lle corresponde no cambio dixital, inclúese a atención ao desenvolvemento da competencia dixital dos e das estudantes de todas as etapas educativas, tanto a través de contidos específicos como nunha perspectiva transversal, e facendo fincapé na fenda dixital de xénero.

4. Que a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, aborda por primeira vez no plano legislativo o tratamento de situacións de acoso, partindo da definición destas situacións de acordo cos criterios xeralmente admitidos pola comunidade pedagóxica, e inclúe a problemática derivada do mal ou inadecuado uso das novas

tecnoloxías. Neste sentido o programa "Navega con rumbo" está aliñado na promoción do uso responsable das novas tecnoloxías.

5. Que o Colexio ten entre os seus fins e funcións a regulación do exercicio, promoción e mellora das actividades profesionais que engloban as enxeñerías en informática e o fomento e promoción de actuacións relacionadas con este sector profesional, entre as que se atopan a implantación da sociedade de información e das tecnoloxías da información en todos os ámbitos da actividade económica e social da Comunidade Autónoma de Galicia, entre os que se inclúe o ámbito educativo.

6. Que ambas as dúas partes comparten o interese en mellorar e maximizar o uso dos recursos educativos dixitais a disposición do sistema educativo galego no marco da Estratexia de Educación Dixital 2030, de xeito que non só se melloren as oportunidades e competencias do alumnado e profesorado, senón que se desenvolva nunha contorna de uso e navegación en Internet responsable e útil, que propicie a seguridade mediante a información e a prevención.

"Navega con rumbo" está encamiñado, por unha banda ao alumnado para guialos cara unha navegación segura, tratando de evitar que sexan vítimas de condutas como o ciberacoso ou outros riscos da rede, e por outra, para o profesorado e familias, facéndoos partícipes das recomendacións que eles poden aprender de xeito que tamén sexan transmisores para o alumnado.

En consecuencia, as dúas partes acordan subscribir este convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería e o Colexio para a implantación do programa "Navega co rumbo" para a participación dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso 2026/2027.

Segunda. Desenvolvemento da colaboración

1. O Colexio levará a cabo as seguintes actuacións:

- a) A realización de charlas de concienciación están destinadas a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias) de 5º e 6º curso de educación primaria, 1º curso de educación secundaria obrigatoria e 1º curso de ciclos de formación profesional de grao básico dos centros seleccionados dependentes da Consellería. Nelas empregarase a lingua galega, tanto nas comunicacións orais como nas presentacións e recursos empregados, e levarase a cabo en horario que permita a máxima difusión entre a comunidade educativa.

Cada unha das charlas do programa "Navega con rumbo" terán unha duración dunha hora e realizaranse un total de 240 xornadas.

No programa, as xornadas serán coordinadas e xestionadas polo Colexio coa supervisión e aprobación da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. O Colexio realizará enquisas de satisfacción entre os participantes que lle reportarán á Consellería unha análise dos resultados coas súas conclusións.

- b) O Colexio obrígase a levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións establecidas neste convenio, e debe proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios.
- c) O Colexio remitirá á Consellería unha planificación detallada no prazo de 15 días a partir da sinatura deste convenio. Así mesmo, informará mensualmente á Consellería do estado de execución das accións e facilitará a inspección e control dos órganos da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas neste convenio.
- d) O Colexio desenvolverá unha nova web asociada ao proxecto na que se porá a disposición información de interese para a comunidade educativa a que está dirixida este programa ou outras persoas con intereses compatibles.



- e) Nas accións de publicidade e comunicación, así como no material de soporte xerado en relación co programa obxecto deste convenio, deberá figurar expresamente a mención á Consellería coa imaxe corporativa correspondente. O material de soporte poderá ser utilizado, logo da aprobación das partes, para a formación do profesorado en xeral.
- f) O Colexio elaborará unha Guía de Boas Prácticas en Internet (para alumnado, profesorado e familias), que estará dispoñible en soporte dixital na web asociada ao proxecto e que se distribuirán, en formato impreso, naqueles centros que determine a Consellería no número que se acorde, en función dos recursos dispoñibles.

2. A Consellería levará a cabo as seguintes actuacións:

- a) Colaboración e coordinación co Colexio no desenvolvemento das xornadas divulgativas.
- b) A Consellería promoverá na formación permanente do profesorado que desenvolve por medio das estruturas de formación e nas distintas modalidades formativas, a colaboración do Colexio nas accións relativas ao uso responsable da rede Internet, evitando o ciberacoso e outros perigos da rede.

Terceira. Financiamento

Este convenio non leva consigo apareladas obrigas económicas para ningunha das partes.

Sexta. Relacións laborais

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sétima. Comisión de seguimento

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería.

2. A comisión reunirase, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

- 
- a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.
 - b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.
 - c) Elaborar unha ficha de seguimento anual do convenio sobre o funcionamento do mesmo.
 - d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava. Natureza e réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos citados nesta sección quedan excluídos do ámbito desta lei, e rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, a súa interpretación, cumprimento e execución corresponderá aos tribunais contencioso-administrativos, tralo esgotamento da vía administrativa.

Novena. Protección de datos e confidencialidade

Ambas as partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento deste e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décima. Transparencia

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos de identificación das persoas asinantes.

Décimo primeira. Resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos/as os/as asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo segunda. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e durará ata finais do curso académico 2026/27, isto é o día 31 de agosto de 2027, podendo ser prorrogado expresamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscrición do oportuno acordo de modificación.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a modificación do seu prazo de execución.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderán superar o límite temporal establecido.

Décimo terceira. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das

administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Lido o Convenio asínase polas partes no lugar e data indicados no encabezamento.

POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



Román Rodríguez González

POLO COLEXIO PROFESIONAL DE
ENXEÑERÍA EN INFORMÁTICA DE
GALICIA

O PRESIDENTE,



Fernando Suárez Lorenzo